

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PORRIÑO, O****Ordenanzas e Regulamentos*****APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA
DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA******ANUNCIO***

Aprobación definitiva da modificación a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.

O Pleno do Concello do Porriño, en sesión ordinaria do 31 de xullo de 2018, aprobou inicialmente a modificación da “Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, publicándose esta no BOP de Pontevedra número 197 de 11 de outubro.

Rematado o prazo de exposición pública, durante o que non se recibiron alegacións nin reclamacións, nin suxestión algunha, considerase definitivamente aprobado o citado acordo inicial, segundo o establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Segundo o artigo 19 do RDL 2/2004, cabe recurso contencioso administrativo a partir do día seguinte a publicación deste anuncio, na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdición.

O texto definitivo modificado e integro da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, é como figura a seguir:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO
SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

Aprobación: 30/09/83-B.O.P.: 19/01/84

Modificación: 10/11/87-B.O.P.: 26/01/88

Modificación: 25/11/99-B.O.P.: 09/03/00

Modificación: 19/09/02-B.O.P.: 10/12/02

Modificación: 18/09/06-B.O.P.: 18/12/06

Modificación: 31/10/11-B.O.P.: 30/12/11



I. NATUREZA E FUNDAMENTO

ARTIGO 1.

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo establecido con carácter obrigatorio na Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais e regulado de conformidade co que dispoñen os artigos 93 ao 100, ambos inclusive, da mencionada disposición.

II. FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2.

1. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a circulación o que sexa matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non cause baixa nos mesmos. A efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matriculas turísticas.

3. Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica nos que a carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

III. SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, a nome da cal conste o vehículo no permiso de circulación.

IV. EXENCIONES E BONIFICACIONES

ARTIGO 4.

1.—Estarán exentos do imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.



Martes, 5 de febreiro de 2019

Núm. 25

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao tamén, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados a asistencia sanitaria ou o traslado de feridos ou doentes.

d) Os vehículos para persoas con mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo.

Esta exención aplicarase en tanto se manteñan estas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis dun vehículo simultaneamente.

Aos efectos do disposto neste artigo consideraranse persoas con discapacidade as que teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento. Igualmente terán a mesma consideración aquelas persoas que se inclúan nalgún dos supostos previstos no artigo 1 do Real Decreto 1414/2006, de 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade aos efectos da Lei 51/2003, de 2 de decembro, de Igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Xunto coa solicitude de exención regulada no parágrafo e) do artigo 93 do R.D. Lexislativo 2/2004, as persoas con discapacidade que sexan suxeitos pasivos deberán achegar orixinais ou fotocopias compulsadas da seguinte documentación:

a) Vehículo conducido por persoas con discapacidade

A fin de acreditar a circunstancia que da acceso a exención contida neste artigo, a persoa solicitante deberá achegar unha das seguintes certificacións:

- Certificado de grao de minusvalía expedido polo Instituto de Maiores e Servicos Sociais (IMSERSO) ou órgano competente da Comunidade Autónoma correspondente, no que conste o grao e o carácter temporal ou definitivo da mesma.
- Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade expedida segundo a Orde do 26 de xullo de 2016 pola que se crea a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade e se regula o procedemento para a súa obtención.
- Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez.



- Resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa recoñecendo unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- Ademais do anterior, deberá achegar:
- Permiso de condución (anverso e reverso)
- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do minusválido.
- Póliza do seguro do vehículo na que figure a persoa minusválida como condutor do mesmo, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.
- DNI ou documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante.
- Declaración xurada ou responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o uso de persoa discapacitada.
- Declaración xurada ou responsable de que non é beneficiario doutra exención das mesmas características por outro vehículo.

b) Vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade

A fin de acreditar a circunstancia que da acceso a exención contida neste artigo, a persoa solicitante deberá achegar unha das seguintes certificacións:

- Certificado de grao de minusvalía expedido polo Instituto de Maiores e Servicios Sociais (IMSERSO) ou órgano competente da Comunidade Autónoma correspondente, no que conste o grao e o carácter temporal ou definitivo da mesma.
- Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade expedida segundo a Orde do 26 de xullo de 2016 pola que se crea a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade e se regula o procedemento para a súa obtención.
- Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez.
- Resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa recoñecendo unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Ademais do anterior, deberá achegar:

- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do minusválido.
- Póliza do seguro do vehículo a nome da persoa minusválida debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.
- DNI ou documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante.
- Declaración xurada ou responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o transporte da persoa discapacitada.



Martes, 5 de febreiro de 2019

Núm. 25

- Declaración xurada ou responsable de que non é beneficiario doutra exención das mesmas características por outro vehículo.

c) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla Agrícola.

Para poder gozar desta exención os interesados deberán solicitar a súa concesión achegando orixinais ou fotocopias compulsadas da seguinte documentación:

- Permiso de circulación e Cartilla da Consellería da Xunta de Galicia competente, coa inscrición no Rexistro oficial de Maquinaria Agrícola, do vehículo para o que se solicita a exención.

2.—Terán unha bonificación do 100 por 100 da cota do imposto, os vehículos declarados históricos pola Comunidade Autónoma sempre que figuren así incluídos no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico, así como os que teñan unha antigüidade mínima de vintecinco anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non fose coñecida, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

Esta bonificación ten carácter rogado, e para a súa concesión deberá achegarse a seguinte documentación:

- Ficha de características técnicas do vehículo, na que consta a data da súa fabricación.
- No seu defecto, o permiso de circulación, no que consta a data da súa matriculación.
- Ultimo recibo do Imposto posto ao cobro e pagado.

— Para o outorgamento da bonificación é requisito imprescindible estar ao corrente das obrigas fiscais co Concello.

3.—A concesión de beneficios fiscais no I.V.T.M., a instancia dos suxeitos pasivos, producirá os seus efectos no exercicio seguinte a aquel no que se formule a súa solicitude.

V. TARIFAS

ARTIGO 5.

1. As cotas do Concello do Porriño son as do cadro de tarifas que establece o artigo 96.1 da Lei 39/1988, de 20 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

2. Aos efectos deste imposto, o concepto das diversas clases de vehículos será o recollido na Orde de 16 de Xullo de 1984, tendo en conta, ademais, as seguintes regras:

Entenderase por furgoneta o resultado de adaptar un vehículo de turismo a transporte mixto de persoas e cousas mediante a supresión de asentos e cristais, alteración do tamaño ou disposición das portas ou outras alteracións que non modifiquen esencialmente o modelo do que se deriva. As furgonetas tributarán como turismos, de acordo coa súa potencia fiscal, agás os seguintes casos:



Martes, 5 de febreiro de 2019

Núm. 25

Primeiro: Se o vehículo estivese habilitado para o transporte de máis de nove persoas, incluído o condutor, tributará como autobús.

Segundo: Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 525 quilogramos de carga útil, tributará como camión.

a) Os motocarros terán a consideración, aos efectos deste imposto, de motocicletas e polo tanto tributarán pola súa cilindrada, sempre que a súa tara non exceda de 400 quilogramos, xa que en tal caso tributarán como camión.

b) Cando se trate de vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques e semirremolques arrastrados.

c) As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores, quedando comprendidos entre estes os tractocamiós e os tractores de obras e servizos.

d) A potencia fiscal do vehículo expresada en cabalos fiscais establecerase de acordo co disposto no artigo 260 do Código da Circulación, que establece que en calquera caso, a potencia fiscal do motor a consignar polas Delegacións Provinciais do Ministerio de Industria no certificado de características técnicas do vehículo será a que resulte de aplicar a fórmula correspondente segundo o tipo de motor expresada con dous decimais aproximados por defecto.

e) Nos casos de vehículos nos que aparecese na tarxeta de inspección técnica a distinción na determinación da carga entre PMA (peso máximo autorizado) e PTMA (peso técnico máximo autorizado) estarase, aos efectos da súa tarificación, os quilos expresados no PMA, que corresponde o maior peso en carga co que se permite a súa circulación, conforme ao indicado no código da Circulación. Este peso será sempre inferior ou igual o PTMA.

VI. PERÍODO IMPOSITIVO E OBRIGA DE CONTRIBUCIÓN (DEVENGO)

ARTIGO 6.

1. O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición.

2. Comeza a obriga de contribución (devéngase o imposto) o primeiro día do período impositivo.

3. O importe da cota do imposto distribuirase proporcionalmente por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, dende o momento en que se produza esta baixa temporal no rexistro público correspondente.



Martes, 5 de febreiro de 2019

Núm. 25

4. No suposto de transferencia ou cambio de domicilio con transcendencia tributaria a cota será irredutible e o obrigado ao pagamento do imposto será o que figure coma titular do vehículo no permiso de circulación o día primeiro de xaneiro, e nos casos de primeira adquisición o día en que esta se produza.

VII. XESTIÓN E COBRO DO TRIBUTO

ARTIGO 7.

A xestión, liquidación, inspección e recadación do imposto, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria, corresponden ao Concello do Porriño cando o domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo pertenza ao seu termo municipal.

ARTIGO 8.

1. Este imposto xestionarase en réxime de autoliquidación cando se trate de vehículos que sexan alta no tributo, como consecuencia da súa matriculación e autorización para circular.

2. Con relación aos devanditos vehículos, o suxeito pasivo deberá practicar, no impreso habilitado ao efecto pola administración municipal, a autoliquidación do imposto co ingreso, no seu caso, do seu importe na tesourería municipal ou nos establecementos bancarios ou Caixas de Aforro autorizadas polo Concello do Porriño.

3. O documento acreditativo do pago do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica ou da súa exención, deberá presentarse perante a Xefatura Provincial de Tráfico, ao tempo de solicitar a matriculación do vehículo, por quen desexe matricular un vehículo.

4. A autoliquidación terá carácter provisional ata que a Administración municipal comprobe que se fixo mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do imposto.

ARTIGO 9.

Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo ou de baixa do vehículo, deberán acreditar previamente, ante a referida Xefatura Provincial, o pagamento do último recibo do imposto presentado ao cobro, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de todas as débedas, por dito concepto, devengadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas.



Martes, 5 de febreiro de 2019

Núm. 25

ARTIGO 10.

1. Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, o pagamento das cotas anuais do imposto realizarase durante o prazo que se anunciará publicamente. Este prazo terá unha duración de dous meses e estará comprendido dentro do primeiro semestre do ano.

2. Neste suposto, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante a expedición de recibos en base a un padrón ou matrícula anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ao imposto e que coincidirá cos que estean inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas no termo municipal do Porriño.

3. O padrón ou matrícula do imposto exporase ao público, polo prazo de quince días, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Dita exposición ao público e a indicación do prazo de pago das cotas, comunicarse mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario da provincia, e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

4. O pagamento dos recibos poderase facer nas entidades financeiras autorizadas polo Concello, e acreditarase coa sinatura do persoal apoderado das mesmas ou de outro xeito con validación mecánica.

*VIII. INFRACCIÓNS E SANCIÓN*S*ARTIGO 11.*

No relativo ás cualificacións das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que correspondan, aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e restantes disposicións que a complementan e desenvolven.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada ao efecto o día 25 de Novembro de 1.999, entrará en vigor e será aplicable a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

